

Javier Bas antepón os intereses do PP aos intereses de Redondela na ÁREA METROPOLITANA DE VIGO (AMV)

O día 29/12/2016 o alcalde de Redondela, Javier Bas, **non acudiu á xunta de goberno da Área Metropolitana de Vigo (AMV)**. O alcalde decidiu de xeito unilateral **deixar á veciñanza do noso concello sen representación** na primeira xuntanza da xunta de goberno da AMV, demostrando unha vez máis que os seus intereses son os do PP e non os da veciñanza á que representa.

Asemade, **incumpre o acordo plenario** do pleno extraordinario do 12 xaneiro de 2016, que o seu propio grupo votou a favor; deixando ben claro, para quen non o tiña xa, que a súa palabra e o mandato do pleno pouco vale ante as ordes do seu partido.

Punto 3º de dito acordo (acta nº1/2016):

"O alcalde, representante do Concello de Redondela na xunta de goberno da Área Metropolitana, defenderá os acordos que se adopten ao respecto de cada tema por parte do Pleno do Concello de Redondela. Asemade, convocarase e informarase á xunta de voceiros, coa maior antelación posible, da orde do día da xunta de goberno da Área Metropolitana coa fin de consensuar unha posición conxunta do noso concello."

Na xunta de voceiros onde o alcalde transmitiu a súa intención de non acudir a esta xunta de goberno da AMV, todos os grupos políticos de Redondela mostraron a súa oposición a esta decisión. O alcalde, facendo gala do seu carácter "democrático", unha vez máis, incumpre co acordado no noso pleno e non acode á xunta de goberno da AMV.

Un pequeno resumo da loita de egos do PPSOE na AMV:

Dende o pasado 1 de decembro no que se "constituíu" a asemblea da AMV, vimos asistindo a un continuo despropósito nas actuacións do alcalde Vigo e do Partido Popular (PP). Por unha parte, a soberbia dun individuo como **Abel Caballero que ningunea a calquera que non baile ao seu son**; e por outra parte, un partido como **o PP que só aceptou modificar a Lei da AMV despois dos resultados electorais das municipais do ano 2015**.

Nos últimos días vimos asistindo ás acusacións cruzadas sobre quen ten a culpa da "situación" da AMV. Dende o PP acusan a Caballero de non integrar o transporte urbano de Vigo no transporte metropolitano, e non o recoñecen como presidente da Área Metropolitana; xa que segundo o PP, no momento da



votación, o pleno xa estaba suspendido pois así o decretara o presidente da mesa de idade, o alcalde de Salvaterra (do PP). Dende Vigo (e dicimos Vigo e non Caballero porque Vigo naceu con este alcalde, ou alomenos iso vende), acúsase ao PP de boicotear a AMV e pídennlle que vaia ao contencioso administrativo para resolver o tema do transporte.

Pola nosa parte, como actores secundarios deste circo, asistimos asombrados a tal cúmulo de despropósitos. Por unha parte temos:

- **Un alcalde de Vigo que retirou**, hai dous anos, **a tarxeta verde** de transporte aos non empadroados en Vigo, pois "*Vigo debía gastar os seus orzamentos nos seus veciños*".
- Uns veciños de Vigo que poden **gozar do transporte metropolitano a conta dos Concellos adheridos** ao transporte metropolitano, pois para solicitar a tarxeta de dito transporte non se solicita empadramento.
- Un concello, o de **Vigo, que non terá que aboar nada** "deste" transporte metropolitano pois os descontos corren a cargo dos Concellos de orixe ou destino, excepto Vigo (*).
- Un **alcalde de Vigo**, chamado a liderar esta Área Metropolitana, que di que "*Vigo no le va a pagar el bus urbano (Vitrasa) a los que vienen a pasear*".
- Un Concello de Vigo que conseguiu, coas modificacións da Lei da Área Metropolitana, ter a tixola polo mango no caso das votacións, conseguiu que se modificaran as vicepresidencias e que o partido que ostente a presidencia tamén poida ter unha vicepresidencia; e conseguiu que a lei recolla que a Vigo se lle dote coma unha capital de provincia.

Pola outra parte, temos ao Partido Popular (PP) que:

- Tentou inicialmente meter con calzador a Lei da Área Metropolitana **sen consultar** cos concellos.
- Só atendeu a certas modificacións que nós entendemos benefician claramente á capitalidade de Vigo.
- **Xogou**, porque lle conviña politicamente, ao enfrontamento co Alcalde de Vigo.
- Conseguiu que os concellos adheridos ao transporte metropolitano aceptaran un **convenio polo que terán que sufragar un servizo sobre o que non tiñan competencias**.

() O convenio de colaboración do transporte metropolitano de Vigo di, con respecto aos criterios de imputación das viaxes:*

*- Mantemento de criterio de orixe sempre que o inicio da viaxe non sexa dende un concello obrigado á prestación dun servizo urbano (Redondela-Vigo, **paga Redondela**).*

*- Aplicación do criterio de destino sempre que o inicio da viaxe teña lugar dende un concello obrigado á prestación dun servizo urbano (Vigo-Redondela, **paga Redondela**).*



Foto: marzo 2015

Basicamente, as dúas partes xogaron as súas bazas políticas: dende Vigo á acumulación de poder e dende a Xunta a conseguir que os concellos sufraguen competencias que lle pertencen ao goberno galego; e os dous gañaron.

Chegados a este punto, o relato xa perde toda posibilidade de razoamento coherente:

- Vigo firma un convenio de transporte coa Xunta de Galicia "...que non suporá custe adicional algún nin á Xunta nin ao resto de concellos adheridos ao transporte metropolitano".
- Vigo non integra de "forma material" pero "si efectiva" (verbas do consello consultivo) o transporte urbano de Vigo no transporte metropolitano.
- O secretario do pleno da Asemblea Metropolitana propicia o maior dos esperpentos cando no Pleno de Constitución da mesma, nomea presidente da mesa

de idade a Abel Caballero cando o político con maior idade presente na sala era Arturo Grandal, alcalde de Salvaterra do PP.

- Abel Caballero non abre a boca en todo o pleno ata que o PP abandona o mesmo e a el o "nomean" presidente da mesa de idade.

- Arturo Grandal permite que **o pleno se converta nun circo**, cousa totalmente desexada polo PP, e **finalmente suspende o pleno converténdose probablemente no primeiro presidente dunha mesa de idade que suspende un pleno**.

- O Secretario do pleno, Secretario tamén do pleno do Concello de Vigo (nomeado directamente por Caballero), **decide continuar co pleno** e volve formar a mesa de idade, que **termina presidindo Abel Caballero tras recibir os votos a favor de todos os presentes, excepto do concelleiro de AER**. Ante semellante vileza, Carlos López Font dicía desta Agrupación que "*todavía queda aquí quien defiende las ideas del PP*", e un dos que aplaudía a alocución era Santos Héctor, concelleiro imputado polo suposto enchufe da cuñada de Carmela Silva.

- O PP ameaza un día si e outro non, con levar ao contencioso administrativo a negativa do Concello de Vigo de incluír o transporte urbano no metropolitano.

- O alcalde de Vigo ofrece ao alcalde de Redondela un convenio para que os veciños de Chapela poidan acceder ao transporte urbano de Vigo (dous anos despois de retirarlle a tarxeta verde e ofrecendo bonificacións que terá que aplicar cando decida integrarse no transporte metropolitano).

- Ao mesmo tempo Abel Caballero vai suxerindo que agora que as competencias do transporte metropolitano son cousa da AMV, haberá que "*ir vendo as posibles modificacións*".

Todo isto tentou ser un resumo do que foron estes últimos anos de "Área Metropolitana".

Pola nosa parte, **dende AER votamos en contra do convenio de transporte no Pleno de Redondela en xaneiro 2015, xa que Redondela tiña que asumir custes que non lle correspondían**. Fixemos as nosas aportacións á modificación da Lei da AMV e cando se levou a pleno, votamos en contra pois as modificacións finais dábanlle todo o poder a Vigo. Nese pleno a voceira do PP dixo que "*non pensabamos en Redondela*", que "*Redondela non se convertería nun barrio de Vigo*". Nese mesmo pleno acordouse que o alcalde de Redondela defendería na xunta de goberno da Área Metropolitana, as decisións tomadas polo pleno do Concello de Redondela ao respecto dos temas a tratar.

Isto foi hai apenas un ano! Neste tempo Javier Bas e Mari Carmen Amoedo abandonaron o pleno de consti-

tución da Asemblea Metropolitana de Vigo e o alcalde e Redondela non asistiu á xunta de goberno deste ente que se celebrou o pasado 29 de decembro en Vigo. Javier Bas ten formas moi distintas de entender a política segundo estea gobernando ou na oposición, similares probablemente ás que ten Abel Caballero:

- Gobernando:

- Non lle gustan as interrupcións.
- Non dubida en suspender o pleno se así o considera.
- A pesar de ter unha voceira no pleno non dubida en intervir no debate.

- Na oposición:

- En pouco mais dun ano na Deputación, xa abandonou alomenos un pleno.
- Xa luciu pancartas en pleno.
- Xa dixo que as formas no pleno da Deputación son caciquís.
- Abandonou o pleno de constitución da Asemblea Metropolitana.
- Non asistiu á xunta de goberno deste ente, da que só forman parte os alcaldes.

Ao igual que o alcalde de Vigo, renegan do partido cando lles convén; neste caso Javier Bas perdeu unha boa oportunidade de ir á xunta de goberno da AMV a deixar constancia dos intereses do noso concello. É difícil ter que tragar co que a un non lle gusta, pero iso apréndese estando na oposición ou aceptando acordos plenarios aínda que non che gusten. Por contra, Javier Bas foi sempre máis ben "absolutista" como o noso veciño "O pequeno Napoleón".

A pesar de que dende un inicio dende AER sempre nos queixamos do poder que se lle estaba cedendo a Vigo, fose quen fose o alcalde, Javier Bas sempre avogou polas bondades do transporte metropolitano... Á saída da xunta de goberno, Abel Caballero declaraba a súa intención de facer "un plan de transporte metropolitano propio" xestionado dende a Área Metropolitana. Dando por feito que se fará co modelo que expón Vigo outorgando aos usuarios un transbordo gratuíto de entrada ao municipio e outro de saída, en lugar de facer ilimitados viaxes como reclama a Xunta de Galicia.

AER crítica o retraso nas axudas ás entidades culturais e unhas bases de subvencións a festivais imposibles de cumprir

A Agrupación de Electores de Redondela quere denunciar o maltrato sufrido este ano por diferentes entidades, asociacións e centros socioculturais do concello de Redondela no que respecta ao apoio da administración local ás actividades que desenvolven ao longo do ano. Estas entidades veñen realizando diversas actividades socioculturais, a maioría delas suplindo a escasa programación que o goberno local de Redondela realiza nas parroquias periféricas.

Este ano 2016 constátase definitivamente como o ano en que a administración local, literalmente, deixou a estas entidades sumidas na incerteza, ao non saber ata practicamente o mes de decembro se ían ou non recibir algún tipo de apoio ou axuda, en forma de subvención para poder sufragar e manter as actividades que programan ao longo do ano. As habituais axudas de participación cidadá, as axudas para festas, as axudas para festivais e as axudas para actividades culturais retrasáronse ata o mes de novembro na súa convocatoria e a súa resolución non chegou ata avanzado o mes de decembro. Esta situación fai case imposible ás entidades e programadores socioculturais sen ánimo de lucro planificar axeitadamente e cun mínimo de respaldo as súas actividades; e o que é peor, manter programacións e eventos a costa de comprometer a sustentabilidade económica da propia asociación e mesmo chegando a adquirir débedas para poder cubrir as contratacións e gastos das actividades habituais.

Do mesmo xeito, as contías concedidas para actividades culturais, festas e festivais descendieron a pesar de que as partidas consignadas para as axudas deste ano eran maiores que as do ano 2015. De 27.926,80€ concedidos no ano 2015 pasouse a 22.489,62€ concedidos no presente ano, un descenso que se entende pola deixadez á hora de convocar as axudas deste ano, polas modificacións das bases e total descoñecemento dos criterios, e pola incerteza das entidades ao non saber que liñas se ían a convocar e a que liñas de axuda específica tiñan que presentar os seus proxectos.

Retroceso no apoio aos festivais de Redondela

Mención especial cabe facer dos diversos festivais que se realizan en Redondela. Por todos é ben coñecido o importante esforzo das diversas entidades que están detrás do numeroso elenco de festivais sen ánimo de lucro, polo que é ben coñecido o concello de Redondela en toda Galicia. A maioría deste festivais, os que non teñen convenio propio coa administración local, teñen que recorrer ás subvencións que convocaba a Concellería de Cultura para poder contar cunha escasa axuda anual para poder sufragar unha pequena parte do evento, sempre gratuíto e de acceso libre, que programan para dar a coñecer, dende as diferentes parroquias principalmente, alternativas culturais, musicais e das artes escénicas que non soen encadrarse na programación oficial do

Concello de Redondela. Ou sexa, os programadores de festivais sen ánimo de lucro fan un labor loable de cara a cubrir un nicho cultural ao que a administración non chega.

Os organizadores atopáronse este ano en que a habitual liña de axudas para actividades culturais, na que ata agora entraban os festivais e que no ano 2015 contou con 40.000€ de orzamento para todo tipo de actividades e das que se concederan axudas por un importe de 27.926,80€, no presente ano 2016 esta axuda dividiuse en tres liñas:

1. Actividades culturais a centros e asociacións, cun orzamento de 20.000€. Concedéronse axudas por un importe total de 11.189,62€, o que ven sendo un 56% da partida consignada.
2. Festas populares, tradicionais e gastronómicas, cun orzamento de 15.000€. Concedéronse axudas por un importe total de 9.450€, o que ven sendo un 63% da partida consignada.
3. Festivais non profesionais de música e artes escénicas, cun orzamento de 15.000€. Concedéronse axudas por un importe total de 1.850€, o que ven sendo un 12% da partida consignada.

O retraso na súa convocatoria e nula explicación de que se abrirían tres liñas levou a que as entidades descoñecesen por completo a que liña de axudas optar, as datas de cada convocatoria e os criterios que deberían cumprir a priori para optar ás axudas. Así pois aconteceu que ante esta incerteza moitas entidades optaron por solicitar ás diferentes convocatorias por total descoñecemento de a que presentarse e de se finalmente se ía publicar unha liña específica para determinado tipo de eventos ou non.

A esta situación cabe engadir o legado que o anterior Concelleiro de Cultura do Partido Popular deixou aos organizadores de festivais non profesionais de Redondela. Unhas bases de axudas practicamente imposibles de cumprir e de acadar as puntuacións mínimas, cuns criterios propios de "festivais profesionais" en vez de festivais organizados por entidades sen ánimo de lucro non profesionais, como corresponde á práctica totalidade dos que existen en Redondela. Unha bases de axudas non consultadas con ningunha entidade cultural de Redondela. Ou sexa, unhas bases para festivais realizadas de xeito unilateral "a imaxe e semellanza dos seus creadores". A modo de exemplo, algúns dos conceptos polo que se outorgaban puntos na concorrencia competitiva foron "Máxima puntuación para festivais de máis de 1.000 espectadores, acreditando a asistencia con informes

*policiais, follas de control entregadas á SGAE, informe de venda de entradas"; "Ter realizado publicidade en medios de comunicación" ou "Difusión a través de páxinas webs especializadas". **Puntuacións acordas a festivais profesionais e con ánimo de lucro.***

Tal como se pode comprobar na resolución desta liña de axudas para festivais, dun total de once proxectos presentados só acadaron a puntuación mínima 2 festivais e a outros dous denégóuselle a axuda ao ter solicitado previamente e vendo que non saían outro tipo de axudas, pola liña de festas. Compróbase pois a intencionalidade na modificación das bases destas axudas de cara a reducir as aportacións a estes eventos por parte do Concello, deixando aos promotores totalmente abandonados. Neste ano 2016 lograron, ata tal punto que diversos festivais quedaron definitivamente sen axuda algunha por parte do Concello de Redondela, festivais que dan nome a Redondela no eido cultural dende hai anos.

Dende AER consideramos que ao Concello de Redondela e a Concellería de Cultura lles resultan molestos os festivais sen ánimo de lucro organizados por dúcias de veciños e veciñas que dedican o seu tempo de ocio a ofertar produtos culturais que a administración local non é quen de ofertar, sobre todo no ámbito das esquecidas parroquias de Redondela. De aí dedúcese que elaboraran unhas bases de axudas para festivais moi difíciles de cumprir, para deste xeito reducir de facto entre un 75% e 100% a axuda habitual que moitas destas entidades sen ánimo de lucro viñan recibindo en edicións anteriores. Se isto o fixeran coas festas da Coca, do Choco ou o vangloriado e pouco transparente Entroido de Verán, moitos levaríanse ás mans á cabeza.

Así pois, AER esixe que as axudas se convoquen nos primeiros meses do ano para que os programadores poidan coñecer os recursos cos que van contar. Tamén que a Concellería de Cultura refaga inmediatamente as bases para festivais e se sente e conte coas entidades organizadoras deste tipo de eventos para poder informarse de primeira man das necesidades reais e o esforzo que lle supón a estes veciños programar eses festivais que tamén dan nome e fan dun referente ao noso concello.

Por último esiximos que dunha vez o goberno local do Partido Popular mude esa actitude de enfrontamento permanente no eido cultural e de camiñar na contra de dúcias de entidades culturais, que estas si que traballan día a día en prol dunha verdadeira Redondela con maiúsculas.

Síguenos en



facebook.com/AERedondela



twitter.com/AER_Redondela

Correo electrónico: info@aeredondela.com

www.aeredondela.com

BOLETIN Nº45
6 xaneiro 2017